

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 24 de XUÑO de 2011**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 24 de xuño de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/11, do 27 de maio.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 9.401 á nº 11.200, de 2011.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Recuperación fontes e lavadoiros Soñeiro e outros” do Concello de Sada, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2010, con código 10.3300.0174.0.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

4.-Toma de coñecemento dos seguintes informes de Fiscalización a posteriori do exercicio 2010: Actas de Inspección, Padrón do IBI e altas e baixas, Padrón do IVTM, altas e baixas, autoliquidacións e bonificacións, altas, baixas e autoliquidacións do IIVTNU, Padrón do IAE, altas e baixas, xuros de mora e baixas de recadación (falidos).

5.-Toma de coñecemento das contas anuais do exercicio 2010 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC)

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Obras de reparacións de camiños municipais: Sto. Domingo, Fco Manciñeira e outros” do Concello de Oleiros, incluída na cuarta fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC) código 09.3270.0122.0.

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña, para o cofinanciamento do proxecto “PRÁCTICAS HAC LUCE 2010”, no marco do programa de aprendizaxe permanente “Leonardo da Vinci” 2007-2013.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para financiar a construción e equipamento do tanatorio de Camariñas.

9.-Aprobación da prórroga do convenio de colaboración subscrito entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia para a implantación dunha Rede Telemática Provincial.

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

10.-Convenio co Concello de Ferrol para financiar o XXV Premio Internacional de piano “Cidade de Ferrol”.

11.-Convenio co Concello de Muros para financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2011.

12.-Convenio co Concello de Boiro para financiar o Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2011.

13.-Convenio coa Fundación 10 de Marzo para financiar Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais.

14.-Convenio co Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2011.

15.-Convenio co Concello de Santiago de Compostela para financiar o VIII Festival Internacional de curtametraxes “Curtocircuíto”.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 24 DE XUÑO DE 2011

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 24 de xuño de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTE

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	Non adscrito
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON XOAN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOAN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP

DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretaria accidental, dona M^a Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e trece minutos, a Sra. secretaria accidental le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/11, DO 27 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/11, do 27 de maio.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 9.401 Á Nº 11.200, DE 2011.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 9.401 á nº 11.200, de 2011.

3.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “RECUPERACIÓN FONTES E LAVADOIROS SOÑEIRO E OUTROS” DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2010, CON CÓDIGO 10.3300.0174.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **“Recup. fontes e lavadoiros Soñeiro e outr.”** do concello de Sada, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2010, co código: 10.3300.0174.0, que implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da Deputación.

10.3300.0174.0 “Recup. fontes e lavadoiros Soneiro e outr.” Concello de Sada			
Axentes cofinanciadores	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f.p.	83.776,95	83.776,95	0,00
Concello	17.947,19	30.991,31	13.044,12
TOTAL	101.724,14	114.768,26	13.044,12”

4.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS SEGUINTE INFORMES DE FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DO EXERCICIO 2010: ACTAS DE INSPECCIÓN, PADRÓN DO IBI E ALTAS E BAIXAS, PADRÓN DO IVTM, ALTAS E BAIXAS, AUTOLIQUIDACIÓNS E BONIFICACIÓNS, ALTAS, BAIXAS E AUTOLIQUIDACIÓNS DO IIVTNU, PADRÓN DO IAE, ALTAS E BAIXAS, XUROS DE MORA E BAIXAS DE RECADACIÓN (FALIDOS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización posterior dos recursos propios e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2010, na aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 2 da Base 33 das de execución do Orzamento para o exercicio 2010 e da Resolución da Presidencia núm. 20.744/2002 do 28 de decembro modificada pola Resolución núm. 10.157/2007 do 14 de xuño, pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión tributaria revisados non presentan ningunha eiva de importancia e axústanse ao ordenamento tributario de aplicación.”

5.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2010 DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento das contas anuais do exercicio 2010 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).”

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “OBRAS DE REPARACIÓNS DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: STO. DOMINGO, FCO MANCIÑEIRA E OUTROS” DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NA CUARTA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC) CÓDIGO 09.3270.0122.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a proxecto reformado da obra denominada “Obras de reparacións de camiños municipais: Sto. Domingo, Fco. Maciñeira e outros” do Concello de Oleiros, incluída na cuarta fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos

concellos 2009 (PAC2), código 09.3270.0122.0, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 18 de decembro de 2009, cun presuposto de contrata de 167.498,92 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, con motivo da supresión das obras do “*camiño de Manuel Murguía*” e tamén da partida de retranqueo de postes “*no camiño de Molina*“ e a súa substitución por actuacións de mellora necesarias no “*camiño de Viravolta*” e a introdución dunha nova unidade “*recrecido de pozo de rexistro*” para axustar as medicións ás necesidades reais da obra.

As modificacións introducidas non representan unha variación no presuposto de contrata da obra nin supoñen unha alteración substancial do contido do proxecto, nin varia a finalidade nin o obxecto da obra.

Todo isto sen prexuízo da aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010, e de conformidade co acordado polo Pleno da Deputación na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Oleiros	09-3270-0122.0	Obras repa. cms. mpais. : Sto. Domingo, Fco. Maciñeira e outros”	167.498,92	0,00	167.498,92

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “PRÁCTICAS HAC LUCE 2010”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “LEONARDO DA VINCI” 2007-2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de colobración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña, para o cofinanciamento do proxecto “PRACTICAS HAC LUCE 2010” NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “LEONARDO DA VINCI” 2007-2013, por un importe de 303.671,59 euros e cunha achega provincial por importe de 90.000 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 29,64% que se imputará á partida 0103/326A/45390 cun prazo de vixencia ata o 31-12-2012, polo que o período de execución do proxecto será do 1-1-2011 ao 31-5-2012.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “PRÁCTICAS HAC LUCE 2010”, NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE “LEONARDO DA VINCI” 2007-2013

A Coruña, a..... de do dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutra, D. José María Barja Pérez, reitor magnífico da Universidade da Coruña.

Os dous actúan para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen.

EXPOÑEN

O Programa Leonardo da Vinci foi creado pola Unión Europea, no marco do Programa de aprendizaxe permanente, para promover un espazo europeo en materia de educación e formación profesional. O seu obxectivo esencial é mellorar a calidade da formación profesional de modo que axude a preparar aos novos traballadores fronte aos cambios tecnolóxicos e industriais e mellorar as posibilidades de emprego.

O Programa Leonardo da Vinci ofrece aos estudantes e titulados universitarios recentemente a posibilidade de realizar prácticas en organismos e empresas doutros países europeos, que lles acheguen cualificacións profesionais complementarias, co fin de mellorar as oportunidades de acceso ao mundo laboral. Ao mesmo tempo, pretende ofrecer aos organismos e empresas de acollida unha experiencia transnacional e un apoio á innovación a través da transferencia de tecnoloxía mediante a mobilidade dos recursos humanos.

A Universidade da Coruña (UDC) participou na convocatoria realizada en 2010 pola Axencia Española Leonardo da Vinci (Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos - OAPEE), no marco do “Programa de aprendizaxe permanente – Leonardo da Vinci – Mobilidade”, presentando o proxecto “Prácticas Hac Luce 2010”, ao respecto do que esta Deputación manifestou a súa vontade de participar como entidade socia.

A Deputación Provincial da Coruña, pola súa banda, vén de renovar o acordo coa Unión Europea como estrutura de acollida dun Centro Europe Direct, centro oficial de información europea, cuxo obxectivo xeral é contribuír á promoción dunha cidadanía da Unión Europea informada e activa mediante, entre outros, a sensibilización e a cooperación con outros organismos e redes.

Co obxecto de desenvolver estes intereses compartidos, a UDC e a Deputación da Coruña, consideran conveniente formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. FINALIDADE DO CONVENIO

A finalidade do presente convenio de colaboración é a formalización da participación da Deputación Provincial da Coruña na execución do proxecto “Prácticas Hac Luce 2010”, como entidade socia, tendo en conta que o citado proxecto prevé a concesión de 95 bolsas, durante o período comprendido entre o 1.01.2011 e o 31.05.2012, de 14 semanas de duración, nos seguintes países: Alemaña (10), Francia (17), Italia (16), Portugal (14), Irlanda (5). Polonia (13) e República Checa (20)

A convocatoria das bolsas será realizada no segundo trimestre de 2011 e as resolucións de concesión está previsto que se realicen en dous momentos distintos, a primeira no mes de xuño e a segunda no de novembro de 2011.

A participación da Deputación Provincial da Coruña na execución do proxecto “Prácticas Europeas UDC” consistirá na:

Difusión dos resultados obtidos no proxecto.

- Cofinanciamento do proxecto cunha achega de 90.000 €, para a axuda en concepto de estadias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxe dos participantes

II. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO DO PROXECTO

O orzamento do proxecto ascende a 350.521,59 €, cuxas partidas e financiadores se detallan no seguinte cadro de financiamento:

CONCEPTO DE GASTO	FINANCIADOR			TOTAL (€)
	OAPEE	DEPUTACIÓN	UDC	
Xestión do proxecto	25.000,00	0,00	0,00	25.000,00
Preparación lingüística e cultural dos participantes	14.250,00	0,00	0,00	14.250,00
Estadias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino e viaxe)	213.671,59	90.000,00	0,00	303.671,59
Seguros e difusión	0,00	0,00	7.600,00	7.600,00
TOTAL (€)	252.921,59	90.000,00	7.600,00	350.521,59

Tendo en conta que a achega provincial, por importe de 90.000 €, se imputa aos gastos do proxecto relativos a estadias (aloxamento, manutención, transportes e organización en destino) e viaxe dos participantes que ascenden a 303.671,59 €, o coeficiente de financiamento fíxase no 29,64 %.

III. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO

Unha vez asinado o convenio aboarase un primeiro prazo, por importe do 50% do importe da achega provincial, despois da presentación por parte da UDC dunha copia compulsada da primeira resolución de adxudicación das bolsas aos participantes.

O resto da achega aboarase despois da xustificación da execución total do proxecto, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Copia da segunda resolución de adxudicación das bolsas aos participantes
- Certificación dos gastos, conforme ao orzamento do proxecto.
- Declaración de axudas recibidas para o financiamento do proxecto

Con carácter previo ao pagamento, a UDC deberá acreditar que está ao día nas súas obrigas tributarias e sociais, así como coa Deputación provincial (este último punto farase de oficio).

A achega da Deputación non excederá do coeficiente de financiamento aprobado (29,64 %) nin do límite máximo establecido de 90.000 €. Asemade, a suma das achegas obtidas pola UDC para o financiamento do proxecto non poderá exceder os gastos xustificadas, en cuxo caso, a achega da Deputación reduciríase proporcionalmente.

Os pagamentos que realice a Deputación Provincial da Coruña serán informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e UE e pola Intervención Xeral.

IV. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

Con carácter previo á sinatura do presente convenio e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, a UDC deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

Coa subscripción do presente convenio, a UDC autoriza á Deputación para que obteña telematicamente as citadas certificacións. A acreditación de estar ao día das obrigas coa Deputación determinao de oficio esta.

V. DIRECCION TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do convenio corresponderá ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e UE, da Deputación Provincial da Coruña.

VI. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

Considerando que o período de execución do proxecto "Prácticas Hac Luce 2010" é do 01.01.2011 ao 31.05.2012, o convenio entrará en vigor dende a súa sinatura, con efectos dende o 01.01.2011 ata o 31.12.2012, período no que a UDC deberá xustificar a súa completa execución

Este convenio poderá ser prorrogado por resolución do presidente da Deputación, despois da solicitude expresa do IUEE, informada favorablemente polos servizos provinciais de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e Intervención Xeral.

Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apratado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

VII.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención provincial.

3.- Corresponderanlle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº..... de data.....de do 2011.

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

José María Barja Pérez

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO DO TANATORIO DE CAMARIÑAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas, para financiar a CONSTRUCCION E EQUIPAMENTO DUN EDIFICIO PARA O TANATORIO MUNICIPAL por un importe de 500.000 euros e cunha achega por parte da Deputación de 390.040,77 o que representa unha porcentaxe do 78,008% con un prazo de execución ata 1 de novembro de 2012 e que se imputará con cargo á partida 0202/164A/76201

Con carácter previo á formalización do convenio o concello deberá corrixir os seguintes aspectos:

1. Proxecto

Nos capítulos 17 e 19 órzanse gastos de tramitación-contratación que non serán obxecto de financiamento

Nalgunhas unidades menciónanse marcas que deberán suprimirse

2. Documentación administrativa

Certificación de aprobación do proxecto polo órgano competente municipal

Incorporación do informe técnico no que se indique a necesidade ou non de autorizacións doutras administracións

Certificado de dispoñibilidade dos terreos, pois, a pesar de que xuntan as escrituras de doazón de dúas fincas, non se ten constancia de que sexan suficientes para realizar a obra.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO DUN TANATORIO MUNICIPAL

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con Salvador Fernández Moreda

E doutra parte o Sr. Manuel Valeriano Alonso de León., alcalde -presidente do Concello de Camariñas

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CAMARIÑAS ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CAMARIÑAS con CIF P1501600I, para o financiamento da obra de CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO DUN TANATORIO MUNICIPAL, tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado por D. Jorge Roura Traseira , (ARQUITECTO), colexiado N°1910

O Concello de CAMARIÑAS, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como, no seu caso, a preceptiva Licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa, así como a obter a dispoñibilidade de terreos necesaria para a execución das obras.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detallado do seguinte xeito:

P. E.M:	356.074,63
GASTOS XERAIS	46.289,70
BENEFICIO INDUSTRIAL	21.364,48
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	76.271,19
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	500.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 390.040,77 €, o que representa unha porcentaxe de 78,008% .
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,008% da cantidade

efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 00202/164A/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia na cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Coa posibilidade establecida na Base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2011, ata o 60 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1 Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de obras, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4 O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida, de acordo co disposto na cláusula de publicidade. Desta obriga deberá enviar fotografía dilixenciada no reverso, para acreditar o seu cumprimento. De igual xeito se procederá coa placa.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **40 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 5 Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director
- 6 Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra, expedida polo órgano competente.
- 7 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 8 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 9 Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- 10 Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos, durante un prazo de cinco anos.
- 11 Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na [Base 55.6ª](#) das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos

correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata 1 de decembro de 2012
2. Logo da solicitude do Concello de CAMARIÑAS, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CAMARIÑAS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
CAMARIÑAS

Salvador Fernández Moreda

Manuel Valeriano Alonso de León

9.-APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE TELEMÁTICA PROVINCIAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia para a implantación dunha Rede Telemática Provincial ata o 10-6-2016:

- Existe crédito na partida 0204/491B/22203 do vixente orzamento para facer fronte ao gasto proposto. Os compromisos de gastos plurianuais contabilízanse ata o 31/12/2015, máximo permitido pola contabilidade, co que o compromiso para a anualidade de 2016 contabilizarase o próximo exercicio. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente

ANUAL.	FASE	Nº OPERACION	IMPORTE	EXPLICACION
2011	RC	220110015552	130.110,36	Prorroga Convenio Xunta Rede Telemática Provincial. Período do 11/06/2011 ao 31/12/2011.
2012	RCP	220119000387	283.260,72	Prorroga Convenio Xunta Rede Telemática Provincial. Período do 01/01/2012 ao 31/12/2012
2013	RCP	220119000387	309.065,52	Prorroga Convenio Xunta Rede Telemática Provincial. Período do 01/01/2013 ao 31/12/2013
2014	RCP	220119000387	309.065,52	Prorroga Convenio Xunta Rede Telemática Provincial. Período do 01/01/2014 ao 31/12/2014
2015	RCP	220119000387	309.065,52	Prorroga Convenio Xunta Rede Telemática Provincial. Período do 01/01/2015 ao 31/12/2015
2016	RCP	Pendente de emitir	168.983,45	Prorroga Convenio Xunta Rede Telemática Provincial. Período do 01/01/2016 ao 10/06/2016
	TOTAL		1.509.551,09”	

10.-CONVENIO CO CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O XXV PREMIO INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE FERROL”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o convenio co Concello de Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 17.000 €, concedida para financiar o XXV Concurso Internacional de Piano “Cidade de Ferrol”, cun orzamento subvencionado de 78.493,52 €, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

2.-Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *XXV Premio Internacional de piano “Cidade de Ferrol”*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Manuel Rey Varela, Alcalde-Presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol vén organizando dende hai anos o Concurso Internacional de Piano que, neste ano, celebra a súa edición número vinte e cinco; esta actividade é de grande interese xa que se trata dun dos concursos máis antigos do estado e o máis antigo de Galicia, cunha grande proxección internacional, tanto polo número de participantes, máis de 200 na pasada edición, como pola súa calidade artística.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *XXV Premio*

Internacional de Piano “Cidade de Ferrol” que terá lugar entre o 26 de novembro e o 3 de decembro, coa seguinte programación:

* Xornadas de probas eliminatorias: en quendas de mañá e tarde celébranse as dúas probas eliminatorias no Teatro Jofre; o público pode asistir, de xeito gratuíto.

* Xornada final: as persoas finalistas realizan as súas interpretacións, acompañados dunha orquestra sinfónica.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Premios	24.500,00.-
Honorarios xurado	15.000,00.-
Manutención xurado	3.026,40.-
Aloxamento xurado	3.159,93.-
Traslados xurado	183,60.-
Caché orquestra	10.000,00.-
Material imprenta	8.093,46.-
Coordinación medios, prensa	3.090,00.-
Publicación bases no DOG	88,16.-
Arranxos florais	928,80.-
Servizo de restauración	2.347,00.-
Intérprete	1.000,00.-
Conserxe, azafatas, afinador, iluminación, son, carga a descarga	4.598,47.-
Envío documentación	572,00.-
Gravación, edición, e emisión	1.433,70.-
Presentador	472,00.-
Total	78.493,52 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **21,66 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 21,66 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do XXV Concurso Internacional de piano “Cidade de Ferrol” e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 60% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministración, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade,

na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

Segundo prazo, por importe do 40% da subvención ou, se é o caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida por Intervención ou por Secretaría do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, se é o caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, se é o caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, o Concello de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se

devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol remitiráselle á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos

informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ferrol.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.-CONVENIO CO CONCELLO DE MUROS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO MUSEO DO POZO DO CACHÓN NO ANO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o convenio co Concello de Muros correspondente á subvención nominativa, por importe de 60.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2011, cun orzamento subvencionado de 77.246,74 €, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

2.-Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para financiar o *Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2011.*

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña.

Doña Caridad González Cerviño, Alcaldesa-Presidente do Concello de Muros.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Concello de Muros é titular do muíño de marea do Pozo do Cachón que é unha magnífica obra de enxeñería da segunda metade do século XIX.

Este edificio emprazado na ría de Muros foi rehabilitado a partir do ano 1990, rematando as obras no ano 1999.

No ano 2004, coa colaboración desta Deputación, realizouse un proxecto de musealización destinado a integrar o muíño de marea nun circuito de actividades vinculadas ao turismo cultural que levou á conversión do edificio no Centro de Interpretación de Muíños da Costa da Morte, que empezou a funcionar no mes de abril de 2005.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias se atopa o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que este espazo museístico de Muros desenvolve, non só no ámbito local senón con influencia en toda a comarca da Costa da Morte e Barbanza e na provincia coruñesa.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Muros acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros para financiar o *Programa de*

actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2011.

Esta programación terá os seguintes contidos:

- ❖ Visitas guiadas no Museo do Pozo do Cachón.
- ❖ Saídas guiadas dende o Museo do Pozo do Cachón aos muíños de Longarela, muíño de Pontella, muíño de Riomaior, muíños de vento na illa de Santa Catalina, estacións de arte rupestre e outros lugares de interese.
- ❖ Exposicións temporais.
- ❖ Mostra de artesanía.
- ❖ Xornadas de xogos tradicionais.
- ❖ Obradoiro “O mundo do pan”.
- ❖ Obradoiros culturais.
- ❖ Edición de materiais gráficos e audiovisuais sobre os muíños e as actividades que se van desenvolver.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Muros.

O Concello de Muros desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Salario animador turístico-cultural	14.337,00
Salario monitor obradoiros	5.803,20
Saídas e visitas guiadas (guías, desprazamentos)	19.921,28
Obradoiro do pan	2.000,00
Mostra de artesanía e exposicións temporais	6.500,00
Publicidade do Museo e actividades	2.240,00
Edicións de material	2.400,00
Salario limpadora	6.207,84
Gastos mantemento edificio	10.224,92
Subministración, material funxible e outros	7.612,50
Total	77.246,74 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,673 %**.

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77,673 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Muros obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Muros o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Muros axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Muros.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Muros do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 60% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministración, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade,

na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Compromiso** de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

Segundo prazo, por importe do 40% da subvención ou, se é o caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida por Intervención ou por Secretaría do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, se é o caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, se é o caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, o Concello de Muros terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Muros deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Muros para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Muros da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Muros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Muros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Muros poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Muros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muros remitiráselle á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Muros será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Concello de Muros, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Muros.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.-CONVENIO CO CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA NO ANO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

21.-Aprobar o convenio co Concello de Boiro correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para o financiamento do Programa de

actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2011, cun orzamento subvencionado de 42.250 €, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

2.-Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento do “Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2011”

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Don Juan José Dieste Ortigueira Alcalde-Presidente do Concello de Boiro, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a obriga dos concellos de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

Así mesmo, a dita lei establece a cooperación das institucións públicas de Galicia para a consecución dos fins previstos na citada lei.

2.- De conformidade co anterior, o Concello de Boiro ten previsto un programa de actividades no Centro Arqueolóxico do Barbanza, co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer o centro e o seu contorno.

3.- De conformidade coa Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia que establece no art. 109 como competencia propia das deputacións a asistencia aos concellos e o fomento dos intereses peculiares da provincia e, no art. 118.b), a conservación de monumentos históricos, e, co obxecto de establecer as condicións da súa colaboración, a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro para financiar o **Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2011**, no que se inclúe: o V Encontro Arqueolóxico do Barbanza, escavacións no complexo arqueolóxico dos Castros de Neixón e cursos de arqueoloxía práctico-teórico, obradoiros (metalúrxicos, cerámicos, de lume, caza e moenda), realización dos DVD do Encontro, organización de itinerarios e xeiras arqueolóxicas.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Boiro.

O Concello de Boiro desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

V Encontro arqueolóxico do Barbanza

Deseño e difusión material informativo	977,40
Alugueiro material informático	4.272,54
Aloxamento e manutención	2.500,00
Traslados e manutención relatores galegos	4.150,06
Descanso-café	1.300,00
Traslados a complexos museográficos	1.100,00
Material funxible	200,00
<i>Subtotal</i>	<i>14.500,00</i>

Escavacións nos Castros de Neixón e curso

Proxecto, informe e materiais	6.650,00
Equipo técnico	15.820,35
<i>Subtotal</i>	<i>22.470,35</i>

Obradoiros

Monitorado e material	1.500,00
-----------------------	----------

DVD do Encontro

Deseño, montaxe e publicación	2.500,00
-------------------------------	----------

Itinerarios e xeiras arqueolóxicas

Desprazamentos	2.100,00
Deseño e impresión material publicitario	
Material funxible	

Total **43.070,35 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **69,65 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,65 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boiro obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Boiro o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Boiro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.-O Concello de Boiro comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Boiro.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Boiro do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 60% da subvención, co carácter de anticipo prepagable para xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministración, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 40% da subvención ou, se é o caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida por Intervención ou por Secretaría do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, se é o caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, se é o caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

2.- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Boiro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro remitíranse á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Concello de Boiro, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Boiro.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.-CONVENIO COA FUNDACIÓN 10 DE MARZO PARA FINANCIAR PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA FUNDACIÓN E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o convenio coa Fundación 10 de Marzo correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar o Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais, cun orzamento subvencionado de 39.999,91 €, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

2.-Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais.*

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Manuel Villares Creo, Presidente da Fundación 10 de Marzo, en nome e representación desta e no uso das facultades que lle outorga o art. 12 dos seus Estatutos.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que ostentan,

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

3.- A Fundación 10 de Marzo estima necesario facer da cultura e a investigación un instrumento ao servizo da clase traballadora e do conxunto da sociedade, para lograr unha sociedade máis xusta e equitativa.

4.- A Fundación 10 de Marzo é a depositaria do arquivo histórico e documental do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

5.- A Fundación 10 de Marzo está a desenvolver un proxecto con obxectivos como o de recuperación da documentación sobre os movementos sociais da Coruña que existe en mans particulares ou de institucións; a recuperación e catalogación das publicacións sobre o mesmo tema; a difusión pública dos seus fondos, a través tanto da investigación, como da publicación de estudos, conferencias, cursos de formación, produción de exposicións, etc.

6.- Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais* que, neste ano, centrarase na 2ª fase de catalogación da colección de carteis e a edición dun libro de biografías obreiras, de acordo co seguinte:

* Carteis sindicais:

CC.OO.- Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.

CC.OO.- Confederación Sindical.

CC.OO. noutras comunidades.

* Outros sindicatos.

* Carteis de organizacións e partidos políticos.

* Carteis de organizacións e movementos sociais.

* Carteis de convocatoria múltiple.

* Carteis de organizacións institucionais.

- * Outras organizacións.
- * Carteis sen organización.
- * Libro de biografías obreiras de Ferrol, volume 2.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación 10 de Marzo desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal de arquivo	24.477,60.-
Servizos externos do arquivo	8.831,31.-
Edición do libro <i>Biografías obreiras, V.2</i>	2.500,00.-
Restauración 2 tomos de Mundo Obrero	2.500,00.-
Dixitalización de 100 carteis	1.691,00.-
Importe	39.999,91 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **75,00 %**.

No caso de que o gasto xustificadado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación 10 de Marzo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación 10 de Marzo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación 10 de Marzo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación 10 de Marzo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación 10 de Marzo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación 10 de Marzo, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación 10 de Marzo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o

orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación 10 de Marzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación 10 de Marzo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación 10 de Marzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación 10 de Marzo na documentación achegada; e se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a Fundación 10 de Marzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación 10 de Marzo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación 10 de Marzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación 10 de Marzo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación 10 de Marzo poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación 10 de Marzo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación 10 de Marzo remitiránselle á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación 10 de Marzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Fundación 10 de Marzo, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.-CONVENIO CO CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CURSOS, EXPOSICIÓNS E VISITAS NO ANO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea correspondente á subvención nominativa, por importe de 114.200 €, concedida para financiar o Programa de cursos exposicións e visitas no ano 2011, cun orzamento subvencionado de 144.074 €, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

2.-Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2011

Na Coruña o

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da. Deputación Provincial da Coruña.

D. Jesús Núñez Fernández, Presidente da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (CIEC), en representación dela

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- Que ámbalas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación CIEC constituíuse na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.

3.- Que a Fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

Neste senso, dende o ano 2001, a colaboración da Deputación da Coruña permite programar cada ano unha ampla programación de actividades no campo da gráfica, con dúas liñas principais: a formativa e a expositiva.

5.- Que a Fundación CIEC pretende realizar no presente ano un programa de actividades dirixidas á formación de artistas e á difusión das artes plásticas considerado de gran interese pola Deputación.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no Presuposto para o Exercicio do ano 2010 figura unha subvención nominativa para a Fundación CIEC, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o *Programa de cursos, exposicións e visitas no ano 2011*, co seguinte contido:

* *Actividade formativa*: neste apartado inclúense os catro cursos de inverno do Máster en obra gráfica, o programa de bolsas para artistas, os cursos de verán “Gráfica”, os talleres libres entre os meses de xaneiro e novembro, a edición de estampas, a asistencia á Feira Internacional de Arte Múltiple Contemporánea e o programa de colaboración con outros centros formativos nacionais ou do estranxeiro.

* *Actividade expositiva*: neste apartado inclúense as exposicións dos fondos que integran a colección da Fundación, exposicións temporais individuais ou colectivas.

* *Programa de visitas didácticas*: dirixido fundamentalmente a escolares.

* *Premio Internacional de Arte Gráfica “Jesús Núñez”*a Fundación colabora coa Deputación de Coruña, convocante do premio, na súa xestión.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación CIEC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Talleres e cursos monográficos de gravado

Profesorado cursos	22.000.-
Traslados: gasolina e gastos	1.150.-
Mantemento de talleres e espazos	4.300.-
Xefe de taller	9.836.-
Dirección adxunta	26.928.-
Informática: honorarios clases	11.240.-
Coordinación e secretariado	15.720.-

Xestión ordinaria da Fundación	8.970.-
Material didáctico cursos e talleres	17.000.-
Bolsas de traballo a alumnos	15.800.-
Difusión (publicidade, folletos, correo)	3.030.-
Importe	135.974.-

Exposicións

Asistencia feiras: posto, traslados, viaxes...	1.500.-
Exposicións do CIEC	2.000.-
Importe	3.500.-

Visitias didácticas

Material funxible	1.600.-
Importe	1.600.-

V Premio de arte gráfica Jesús Núñez

* Organización, coordinación e secretariado	
* Recepción, inventariado, almacenaxe e embalaxe e devolución de obras	
* Preparación reunión xurado	
* Exposición	
* Bolsas correspondentes a 2 accésit	
Importe	3.000.-

Total de gastos 144.074 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **114.200 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,265 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,265 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación CIEC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación CIEC.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación CIEC, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación CIEC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación CIEC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación CIEC nun máximo de tres prazos, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademais, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscriba polo representante legal da Fundación CIEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación CIEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CIEC para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CIEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación CIEC na documentación achegada; e se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a Fundación CIEC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación CIEC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación CIEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CIEC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CIEC poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación CIEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación CIEC remitiráselle á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CIEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude da Fundación CIEC, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.-CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES "CURTOCIRCUÍTO".

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 140.000 €, concedida para financiar o VII Festival Internacional de curtametraxes “Curtocircuito”, cun orzamento subvencionado de 175.000 €, de acordo co texto que se transcribe ao final do presente acordo.

2.-Condicionar o presente acordo á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *VIII Festival Internacional de curtametraxes “Curtocircuíto”*.

Na Coruña, o

REÚNENSE

Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Socorro García Conde, Tenenta de Alcalde e Concelleira de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, e Presidenta do Consello Reitor do organismo autónomo local de carácter administrativo, Auditorio de Galicia

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e, para iso, teñen a posibilidade legal de subscribir convenios para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

2.- Como parte das actividades de fomento da cultura, e máis en concreto do cine, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve o *VIII Festival Internacional de curtametraxes “Curtocircuíto”*.

Trátase dun evento que ten como obxectivo impulsar a construción e consolidación dunha cultura cinematográfica en torno ó mundo da curtametraxe na cidade de Santiago de Compostela.

3.- O *VIII Festival Internacional de curtametraxes “Curtocircuíto”* será xestionado pola Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais que ten encomendada a actividade ao Auditorio de Galicia, por acordo plenario do 15 de abril de 2004, polo que lle corresponderá ao Auditorio de Galicia a xestión e pagamento das actividades incluídas no dito festival.

4.- Tendo en conta a transcendencia e significación que presenta o proxecto impulsado polo Concello de Santiago de Compostela e a súa gran repercusión no ámbito cultural, así como a confluencia de intereses coa Deputación da Coruña xa que complementan as accións desta última destinadas a apoiar a cinematografía, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF:P1500079G) para financiar o *VIII Festival Internacional de curtametraxes “Curtocircuíto”* co seguinte contido:

1.- SEMANA OFICIAL.

1.1.- Sección Oficial: Concurso de curtametraxes: Internacional

Explora
Compostelae

1.2.- Sección Paralela: Mostra de curtametraxes: Superheroes

Público Novo
Panorama Galicia
País invitado: Inglaterra
Becoming Javier Fesser
Medio ambiente: auga
Carta branca: Aardman Animation Studios
Sesión golfa: Bonequiñas inchables
Vídeos musicais

1.3.- Mercado Internacional de Curtametraxes: Videoteca

Presentacións
Táboas redondas e charlas

1.4.- Actividades paralelas: Obradoiro “Curtocircuíto Off”

Clases maxistras
Exposicións
II Encontro Galego
Concerto
Happy hours
Comidas e ceas
Sesións D.J.

1.5.- Inauguración e Gala de Clausura

2.- CURTOCIRCUÍTO NA RÚA.

Palmarés Curtocircuíto 2011
By Galicia
Feito en España
Explora

Comedias do mundo

3.- + CURTOCIRCUÍTO.

Palmarés Curtocircuíto 2011
Premios Goya 2011
Público Novo
Panorama Galicia
País invitado: Reino Unido 1
País invitado: Reino Unido 2
Superheroes
Comedias do mundo

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Premios e trofeos	10.000.-	
Deseño gráfico, papelería e cartelería	10.000.-	
Aloxamentos, manutención, transportes	8.000.-	
Curtocircuíto na rúa		8.000.-
Xestión e salarios	75.000.-	
Gastos oficina	3.000.-	
Varios audiovisuais	8.000.-	
Semana oficial e entrega de premios	12.000.-	
Compostela Plató	10.000.-	
Obradoiros e mesas	4.000.-	
Viaxes Festivais Internacionais	5.000.-	
Mercado curtametraxes	10.000.-	
Traducións e subtítulos	9.000.-	
Varios, imprevistos	3.000.-	
Total	175.000 €	

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2011, ata o **60 %** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Santiago de Compostela pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

* Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministración ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2.- Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do **40 %** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

4.- Se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo..

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela remitiráselle á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Despois da solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da Presidencia nº

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

Sr. presidente

Se mo permiten, farei unha pequena intervención. Habitualmente hai que acollerse á benevolencia do presidente cando unha intervención se alonga máis do que

é razoablemente lóxico. Hoxe o presidente quere acollerse á benevolencia do Pleno para que me permitades facer un breve e sucinto balance de xestión, coa vosa benevolencia.

Chegamos hoxe ao final deste mandato, este é o último Pleno ordinario desta Deputación, celebraremos un máis, uns días antes da constitución da nova Corporación para a aprobación das actas, este é, pois, o momento de facer un breve balance sobre o mandato que hoxe finaliza.

Quero agradecerlles a todos vostedes a colaboración, o entendemento e o exemplo que demos sobre como facer as cousas, penso que estivemos á altura do que os tempos nos esixen e os cidadáns demandan aos políticos. O consenso, o acordo, a unidade de acción na procura do interese xeral, do ben común, en definitiva, do benestar dos cidadáns. Hoxe finaliza o traballo desta Corporación e podemos dicir con satisfacción e lexítimo orgullo que cumprimos co noso deber e fixemos un bo traballo, todo iso non sería posible sen os funcionarios desta casa, a todos eles quérolles agradecer, en nome de todos vós, a súa leal colaboración e esforzo por mellorar o funcionamento desta institución. Todas as actividades desenvolvidas pola Deputación son o resultado da permanente colaboración de todos os grupos políticos que me permito caracterizar como exemplar e responsable. Teño que indicar que todas as actuacións levadas a cabo no período 2007-2011 adoptáronse por unanimidade de todos os membros da Corporación, ou singularmente sen ningún voto en contra, o que expresa unha forma de traballar buscando acordos positivos e estables para os concellos e os cidadáns da provincia.

Aprobáronse distintos plans anticrise destinados a financiar os gastos correntes dos servizos municipais obrigatorios e as achegas municipais a obras ou investimentos financiados parcialmente por outras administracións públicas, co obxectivo de garantir a prestación dos servizos esenciais municipais e de asegurar que ningún investimento municipal relevante queda sen materializar pola falta de recursos financeiros suficientes. Modificáronse as bases dos plans provinciais e das subvencións dirixidas aos concellos da provincia, para permitir o libramento anticipado do 60% da achega provincial. Aprobouse e tramitouse un Plan de aforro e de eficiencia enerxética nos servizos públicos de titularidade municipal, co obxectivo de reducir un dos elementos de custo máis significativos dos servizos municipais, o plan que se iniciou complétase agora coa segunda fase, para a que se solicitou xa financiamento ao FEDER, que se xestiona a través do Ministerio de Política Territorial. Aprobouse, xestionouse, e está practicamente finalizado un Plan de emprego 2006-2009, no que se enmarcou a política de recursos humanos durante o período citado. Incorporouse ao Plan de obras e servizos un eixe voluntario optativo para que os concellos decidan libremente, en función das súas circunstancias, o seu destino, financiar investimentos novos ou financiar gasto corrente dos servizos municipais obrigatorios. Como é sabido, o investimento de hoxe é o gasto corrente de mañá, e en ocasións é prioritario garantir a viabilidade económica e social dos servizos existentes antes de abordar a implantación doutros novos. Deseñouse, aprobouse e estase xestionando un Plan integrado de seguridade viaria en vías provinciais, que inclúe o Plan de conservación, o Plan de

investimentos e os Plans de sendas peonís e travesías. Consolidáronse os programas de promoción económica dos distintos sectores da economía provincial: agricultura, gandería, pesca, enerxías renovables, comercio, turismo, a través de subvencións provinciais e de plans plurianuais de investimento e xestión; plans de dinamización turística da Costa da Morte, Ferrol, Eume, Ortegal, Plan de dinamización turística de Portodemouros, fomento do comercio retalista na zona do Barbanza. Implantáronse distintos programas de xestión informática encamiñados a permitir a implantación progresiva da administración electrónica nos servizos provinciais, o e-bop, a oficina tributaria virtual, a xestión telemática de subvencións, facturación electrónica, etc., etc., e tamén municipais, a xestión municipal dos expedientes administrativos máis relevantes.

Tramitouse, aprobouse e estase desenvolvendo o Plan estratéxico provincial 2007-2013, no que se marca a actuación provincial co que se pretende a maior participación posible nos fondos europeos a través de proxectos compartidos cos concellos. Neste apartado merece unha mención singular a experiencia do proxecto integral do río Mandeo, que se está desenvolvendo en colaboración coas diferentes entidades públicas e privadas e co financiamento de fondos europeos. Tamén hai que sinalar o acordo de prórroga, ata o 1 de xaneiro do ano 2022 da delegación da xestión tributaria e recadatoria que a Deputación realiza en 82 concellos da provincia, no Consorcio das Mariñas, cun notable éxito de xestión nos últimos anos, que se pon de manifesto nos indicadores do exercicio 2010, porcentaxe de recadación en período voluntario que superou o 90% máis ou menos, chegando a situarse no 95% nalgúns tributos, porcentaxe de recadación en executiva que chega ao 74%, recadación total do exercicio 2010, que pasou dos 126 millóns de euros, o que supuxo un incremento do 9,18% en relación ao exercicio anterior, a pesar da crise.

Así mesmo, hai que apuntar que se ofertaron novos servizos aos concellos e aos contribuíntes, que contribuíron a unha gran eficacia na xestión. A instrución das sancións municipais de tráfico; as reclamacións en vía administrativa e xurisdiccional da compensación da bonificación das autoestradas de peaxe; a xestión, recadación e inspección da taxa por utilización privativa e aproveitamento especial de dominio público, incluíndo a telefonía móbil; o desenvolvemento dunha moderna e exemplar oficina virtual tributaria; a modernización da atención ao contribuínte a través da liña 900 gratuíta, correo electrónico, teléfono móbil, internet, etc., coidando tamén a calidade da atención presencial nas nosas doce oficinas de atención; desenvolvemento da colaboración na xestión de notarios e xestorías mediante accesos especializados á nosa aplicación tributaria.

Os obxectivos desenvolvidos, co consenso de todos os grupos políticos, lograronse con recursos decrecentes no tempo e cunha redución significativa do endebedamento provincial, grazas por tanto a un esforzo de austeridade excepcional nos gastos estruturais. As tarifas das taxas e prezos públicos provinciais non se modificaron neste período, a apelación ao crédito neste período, por si soa vese a través da seguinte información. O capital pendente de amortizar o 1 de xaneiro do ano 2004 ascendía a 107.065.207,10 euros, o que representaba o 82,19% dos recursos liquidados

por operacións correntes do exercicio anterior. Digo isto porque este equipo de goberno, sucesor do anterior, tomara posesión o 26 de novembro do ano 2003. O capital pendente de amortizar a 31 de decembro do ano 2011, ascenderá a 78.257.915,98 €, o que representa o 46,67% dos recursos liquidados por operacións correntes do exercicio anterior e se fixésemos o exercicio teórico de manter os ingresos que tiñamos naquel ano, hoxe representaría no canto do 46, representaría o 42%.

Esta redución substancial do endebedamento provincial ten diferentes efectos positivos en termos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade das finanzas provinciais. Mellora o aforro neto e, consecuentemente, aumenta a capacidade futura para financiar as actuacións necesarias, reduce a independencia financeira e a vulnerabilidade ante posibles incrementos futuros dos tipos de xuro. En definitiva, aumenta significativamente a marxe financeira futuro da institución provincial. Coas decisións indicadas respéctase escrupulosamente o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o exercicio 2011, cunha significativa marxe.

Non quero deixar pasar a ocasión de comentar distintas actuacións de natureza cualitativa que pretenderon mellorar a gobernabilidade, a información e a transparencia na actuación pública provincial. Na Mesa de Contratación ten un representante cada grupo político provincial, todos os seus acordos adoptáronse por unanimidade, e o órgano de contratación sempre se adaptou ás propostas da Mesa de Contratación. Para dar exemplo de transparencia o 97% dos contratos que se adxudicaron realizáronse por procedemento aberto, e o 3% restante eran complementarios de obras que se adxudicaron ou por concurso, ou por poxa, o 75% das obras adxudicadas adxudicáronse por poxa e o 25% por concurso.

Nos órganos de seguimento do Plan estratéxico e na Comisión de Seguimento das actividades do Teatro Colón están representados, ou estaban representados, todos os grupos provinciais. Articuláronse os medios que permiten facer públicas as actuacións no outorgamento de subvencións publicando todas as subvencións outorgadas en réxime de concorrencia no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet da Deputación, calquera cidadán pode ver todas as subvencións que demos, a quen llas concedemos e o importe que lles demos. Desenvolvéronse plans anuais de control financeiro das subvencións outorgadas que lle permitiu ao Pleno coñecer en detalle as vicisitudes da xestión, xustificación e pago das subvencións outorgadas, e posibilitou proxectos anuais de mellora na xestión, contabilización e xustificación dos recursos públicos asignados a entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro. Aprobouse un proxecto de simplificación e racionalización dos procedementos administrativos de pago a contratistas e provedores, que permite reducir substancialmente os prazos de pago, compatibles coa necesaria seguridade xurídica na súa tramitación, o período medio de pago está ao redor de 21 días, é dicir, desde que entra unha factura ou unha certificación nesta casa, ata que se materializa efectivamente o pago e recibe o seu ingreso na súa conta corrente, pasa de media 21 días. Os datos que achega a contabilidade pública local son múltiples e diversos, e os da Deputación Provincial da Coruña están ao dispor de todos os cidadáns na páxina web de internet da Deputación, nun exercicio máis de transparencia e información aos cidadáns. Todos os

informes contables e financeiros están publicados na páxina web para que calquera persoa que teña interese en ver cal é a situación financeira desta casa, a poida ver sen ningún problema nun esforzo máis de información, como dicía, e de transparencia.

Eu agora permítome achegarlles varios datos oficiais, concretos e unha valoración necesariamente persoal, pero que pretende ser obxectiva e adecuada. O exercicio orzamentario do ano 2010 presenta un resultado positivo de 12.342.086,58€, como vostedes xa coñecen. O remanente de tesourería total a 31 de decembro do ano 2010, o superávit, foi de 153.132.826,91€. Por razóns de máxima prudencia, dedicouse un importe de 141.324.832,60€ a reservas, provisións e a substituír débeda a concertar. Por tanto, tan só se dedicou a novos gastos o importe de 11.807.994,38€, do que unha parte tamén se destinou a amortización anticipada da débeda pública. Durante este mandato corporativo reduciuse a débeda viva da Deputación ano a ano, todos os anos reducimos a débeda viva da Deputación, a débeda viva a 31 de decembro do ano 2011 e a carga financeira correspondente será a menor de todos os anos desde o ano 1998, a menor débeda viva e a menor carga financeira desde o ano 1998. A Deputación provincial ten ao día 17 dos correntes, en contas e depósitos bancarios, 120.201.630,94€, dato singularmente revelador da solvencia económica e financeira e da liquidez actual desta institución, máxime se se ten en conta que o Orzamento inicial do exercicio 2011 era de 175.045.000€, ou que a débeda viva a 31.12.2011, será como se dixo, de 78.257.915,98€, é dicir, coa dispoñibilidade líquida, en efectivo, actual, poderíase cancelar a totalidade do capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro, e aínda teríamos un remanente positivo de 41.943.714,96€. E no afán de transparencia direilles, como vostedes xa saben, que os depósitos que colocamos para esta Tesourería que temos, non se fai de forma discrecional nin arbitraria, hai unhas bases que regulan como se fan eses depósitos, hai uns baremos e unha puntuación, e o 95% da puntuación está determinada polo tipo de xuro que a entidade financeira nos ofrece. Por tanto, temos 120 millóns de euros colocados en función do xuro que as entidades financeiras nos ofrecen.

En conclusión, a situación económica-financiera da Deputación é mellor que ao comezo deste mandato. A actual situación permite afrontar o futuro e os seus retos en condicións de solvencia, e estes resultados son consecuencia dunha xestión prudente e adecuada de toda a Corporación, xa que os acordos esenciais adoptáronse por unanimidade neste Pleno, ou sen ningún voto en contra.

Os datos, as cifras, a información económica e financeira, adquire a súa verdadeira significación cando se analiza a súa evolución no tempo e cando se compara coa doutras organizacións similares. A información dispoñible na base do Ministerio de Economía e Facenda, con referencia ás liquidacións dos orzamentos provinciais do exercicio 2009, que é a última referencia que temos, permite formular as seguintes manifestacións.

A Deputación da Coruña ten un aforro bruto que representa no ano 2009 o 43,8% dos seus ingresos correntes, 2,8 puntos máis que o conxunto das deputacións de Galicia e 17,5 puntos máis que o conxunto das deputacións en réxime común de

España, que son 38. Esta Deputación dedicou, no exercicio citado, 3,2 puntos porcentuais máis dos seus ingresos correntes a investimentos que o conxunto das deputacións galegas, e 11,5 puntos máis que o conxunto das deputacións en réxime común españolas. No ano 2009 a Deputación da Coruña destinou a gastos de persoal e a gastos financeiros o 32,9% do total de gastos do exercicio, as deputacións galegas dedicaron o 46,2% e as deputacións de réxime común de España o 48,4% dos seus gastos totais. Por dicilo doutro xeito, a Deputación da Coruña ocupa o terceiro lugar de España en intensidade investidora, o cuarto lugar de España en menor rixidez do gasto, o quinto posto en menores gastos de persoal sobre o total de gastos e o noveno posto en débeda por habitante, con 79 euros por habitante, fronte a 101 euros por habitante no conxunto de España. De canto se expuxo pódense extraer as conclusións finais que me permito enumerar deseguido.

O actual mandato coincidiu co inicio e desenvolvemento dunha das maiores crises económicas e financeiras da historia contemporánea, e coincide tamén co período de maior aceleración histórica nos cambios tecnolóxicos e sociais. A pesar diso, a Deputación da Coruña desenvolveu as actividades, potenciando os servizos e xestionando as actuacións necesarias para que os servizos públicos locais esenciais melloren substancialmente a súa dotación e o seu nivel de prestación. Todas as actuacións desenvolvidas enmárcanse nun contexto de xestión económica financeira austera, rigorosa, adecuada, prudente e responsable. A Deputación da Coruña ocupa hoxe os primeiros lugares entre as deputacións de réxime común do resto de España nos indicadores de saúde económica e solvencia financeira.

Remato, como empecei, creo que fixemos un bo traballo, e creo que podemos sentirnos orgullosos, e do que máis, de facelo con acordo, con consenso, sen *alharacas* e sen estridencias, e este traballo ninguén o pode patrimonializar, nin o presidente, nin o goberno, é o traballo de todos, do goberno e da oposición. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, a secretaria accidental, dou fe.